

## **ORIENTACIÓNS FAMILIAS 4º DE PRIMARIA**

### **SEMANA 27-30 ABRIL**

Nesta primeira semana imos repasar os SPORTS. Para empezar poño aquí uns enlaces de Youtube que podedes ver:

<https://www.youtube.com/watch?v=tgUSHk6JaTY>

<https://www.youtube.com/watch?v=tZdNh5p0WBw>

<https://www.youtube.com/watch?v=vB575zpaE9o>

Tamén deixo por aquí algúns enlaces de xogos de vocabulario para que practiquen de forma mais divertida:

<https://www.eslgamesplus.com/sports-vocabulary-esl-memory-game/>

<https://learnenglishkids.britishcouncil.org/es/category/topics/sport>

<https://elt.oup.com/student/oupeprimary/?cc=global&selLanguage=en>

Este último enlace é o de Oxford, que é a páxina do libro que usamos. Podemos entrar e premer en AMAZING ROOFTOPS, seleccionamos o curso e empezamos a repasar.

Podemos alternar repaso de vocabulario e gramática con xogos entrando en GAMES ZONE (volvemos a ONLINE LEARNING ZONE PRIMARY e xa a vemos no fondo da páxina). Dentro desta sección eliximos LEVELS 4 e poderemos acceder a catro xogos educativos nos que se pode elixir nivel de dificultade.

Despois de repasar empezamos a facer algunhas actividades.

- 1.- Na primeira deben clasificar os deportes segundo o verbo co que se din.
- 2.- Na segunda actividade escriben os nomes deses deportes.
- 3.- Na terceira actividade clasifican os deportes segundo si os practican ou non, Deben poñer sempre como no exemplo, usando PLAY, DO ou GO onde sexa. Despois responden dúas preguntas e débúxanse a si mesmos practicando o seu deporte preferido.

### **SEMANA 4-8 MAIO**

Nesta semana imos seguir cos SPORTS pero practicando a estrutura “Do you..? Yes, I do or No, I don’t”.

- 1.- Os nenos/as teñen que escribir as preguntas como a do exemplo e responder cada un sobre si mesmo/a. Deben fixarse ben si o deporte vai con PLAY, DO ou GO á hora de escribir as preguntas.
- 2.- No seguinte exercicio hai un recadro con 20 deportes numerados. Debaixo hai unha sopa de letras onde deben buscar os nomes dos deportes e ao redor hai uns debuxos nos que eles deben poñer o número correspondente. Como se ve no exemplo 1.- Figure skating.

3.- No exercicio seguinte hai que ordenar os nomes dos deportes e despois poñer o número ao lado de cada imaxe.

\*Tanto na segunda como na terceira actividade aparecen deportes que seguramente non coñezan porque non os estudiamos. Poden usar o tradutor de google para buscar o que significan ou este dicionario online [www.wordreference.com](http://www.wordreference.com) si non dispoñen de dicionario de inglés na casa.

### **SEMANA 11-15 MAIO**

Esta semana imos repasar a outra estrutura do tema “ARE YOU GOOD AT...? YES, I AM or NO, I AM NOT”

1.- No primeiro exercicio, igual que a semana pasada repasamos a estrutura facendo preguntas e respondendo cada un sobre si mesmo. O mesmo que no outro exercicio deben fixarse si os nomes van con PLAYING, GOING ou DOING, neste caso irían coa terminación –ING do xerundio.

2.- No exercicio seguinte teñen que poñer os numeros das imaxes ao lado do nome do deporte que corresponda.

3.- Na ultima actividade de repaso escribiran PLAY, DO ou GO antes de cada deporte e despois escribirán o número que corresponda.